



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 21 de novembro de 2016

HORA DE COMEZO: 08:35 h.

HORA DE REMATE: 09:00 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Mariano Abalo Costa e D. Andrés García Bastón.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria accidental, D^a María Rodríguez Gómez e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar sobre a mesa pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 7 de novembro de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN EN RÚA REDONDELA

Examinado o informe da Policía Local emitido o día 25.11.2016, referente a sinalización en rúa Redondela, que é como segue:

"Que na rúa Redondela sería necesario sinalizar vertical e horizontalmente unha zona de carga e descarga, tendo en conta as necesidades dos distintos



Concello de Cangas

comercios e das empresas radicadas na zona. A carga e descarga sería en días laborais, en horario de 9:00 a 14:00 horas e 16:00 a 20:00 horas”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local transcrito anteriormente.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licencias urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.



Concello de Cangas

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a **SUSPENSIÓN INMEDIATA** das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.910.- A M.I.A.F., con enderezo a efectos de notificacións en Camiño Ferruxiña, nº 1-Erbello-Aldán, para en Camiño Ferruxiña, nº 1-Erbello-Aldán, solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, realizar unha construción auxiliar, de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto F.B.P. de data marzo de 2016, condicionado a cumprir co sinalado na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto a obriga de conexión aos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta este licenza.

EXPEDIENTE Nº 26.154.- A M.R.R., con enderezo a efectos de notificacións en Cunchido de Abaixo, nº 23-Darbo, para no lugar de Cunchido de Abaixo, nº 23-



Concello de Cangas

Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 11, construír un muro de contención de terras, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J.R.L. de data setembro de 2016.

EXPEDIENTE Nº 26.155.- A M.C.P.P., con enderezo a efectos de notificacións na Serra de Nacente, nº 53-Darbo, para na Serra de Nacente, nº 53-Darbo, en solo de núcleo rural, regulado polas ordenanzas SNUN+ e URNU, un muro de contención de terras, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico A.G.P., visado o 4 de outubro de 2016.

EXPEDIENTE Nº 26.190.- A F.M.P., con enderezo a efectos de notificacións na Florida, nº 10-Balea-Darbo, para no lugar de na Florida, nº 10-Balea-Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 9, demolición de aleiros da edificación, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J.R.L. de data outubro de 2016, demolición ordenada no seno do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 18/09, vista a sentenza ditada no PO 286/2007.

3.A.2) PARCELACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 26.160.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove S.N.M., con enderezo en rúa Areacova, nº 66-Aldán e que consiste nunha división en dúas parcelas: nº 1 de 916,65 m²., e parcela nº 2 de 936,65 m²., procedentes de un predio matriz de 1.853,30 m²., sito en rúa Viñal-O Hío Cangas, regulada pola ordenanza SNUA.

A cesión correspondente á parcela nº 1 é de 115, 89 m²., e a cesión da parcela nº 2 é de 125, 67 m².

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto E.C.M. de outubro de 2016.

Segundo.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos levará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ó Concello antes da concesión da licenza de obras.



Concello de Cangas

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou, outorgar as seguintes licencias de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 26.170.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA", con domicilio en Travesía de Vigo, nº 204-36207-Vigo e no seu nome e representación, Fernando Val López, para no lugar de Baixada a Viñó-O Hío, executar unha RBTS (SDG 248316070072), de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.



Concello de Cangas

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos cincuenta e oito euros con oitenta e catro céntimos (358,84 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 26.171.- A "GAS GALICIA SDG SA", con domicilio en Travesía de Vigo, nº 204-36207-Vigo, para en rúa Paraíso, nº 15, executar unha acometida-canalización de 1,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.



Concello de Cangas

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "GAS GALICIA SDG SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 26.193.- A "GAS GALICIA SDG SA", con domicilio en Travesía de Vigo, nº 204-36207-Vigo, para en Travesía do Tobal, nº 30-Darbo, executar unha acometida de 11,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos vinte euros con cincuenta e dous céntimos (320,52 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "GAS GALICIA SDG SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra



Concello de Cangas

actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 26.201.- A "GAS GALICIA SDG SA", con domicilio en Travesía de Vigo, nº 204-36207-Vigo, para en Romarigo, executar unha ampliación de rede de 252,69 metros, para gas natural, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de sete mil trescentos sesenta e dous euros con oitenta e seis céntimos (7.362,86 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "GAS GALICIA SDG SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:



Concello de Cangas

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 26.140.- A D.S.G., para instalación de un portal no lugar da Retirosa, nº 69 B-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 26.153.- A J.S.M., para ampliación de solicitude de cerramento lateral de parcela no lugar da Rosada, nº 49-B-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 26.159.- A C.G.R., para cerramento de parcela no lugar da Camiño de Liméns, nº 13-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 26.168.- A A.A.R., para cerramento de predio sita en rúa Catadouro, nº 2-Couso-Vilanova-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 26.175.- A M.C.S., para cerramento de parcela no lugar de Xistro, nº 27B-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 26.187.- A J.F.M.R., para cambio de cuberta e reparacións exteriores de edificación existente sita en rúa Derribo, nº 1/esquina rúa Faixa, nº 2-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.199.- A A.M.H. E M.C.M.H., para reparación puntual de aplacado de fachada en edificación sita en rúa Félix Soage, nº 3-Cangas.



Concello de Cangas

APERTURAS

EXPEDIENTE Nº 1.898/15.- A A.G.B., para cambio de titularidade de local para bar sito en rúa David Cal, nº 13-Vilariño-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 1.977/16.- A "MARTÍN ESTÉVEZ LORENZO SL", para cambio de titularidade de local para ferraxaría sito en San Cibrán-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 1.929/16.- A SOAPEL VIGO SL, para apertura de local para venda de produtos de perruquería e estética sito en rúa San Xosé, nº 39-Cangas.

5º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

5.A) PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO DE URBANISMO S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 60/2009-S

Dáse conta de proposta da xefa do Servizo de Urbanismo do día 16.11.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 60/2009-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 60/2009-S

Na Xunta de Goberno Local realizada o 26 de setembro de 2016 deuse conta do fallo correspondente ao procedemento ordinario nº 519/2014-MS, ditado o día 9 de xuño de 2016 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad Sec.2., no que se estima o recurso de apelación interposto por L.P.Q., contra a sentenza de 24 de novembro de 2015, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo, nº 1 de Pontevedra; sentenza que revoga e declara que o acto administrativo impugnado non é conforme a dereito por ditarse nun expediente caducado e o anula.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto a sanción imposta a L.P.Q. en cumprimento da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad Sec.2, de 9 de xuño de 2016, ditada no procedemento ordinario nº 519/2014 MS e no expediente de sanción nº 60/2009 tramitado polo Concello de Cangas, pola que impoñía unha multa de seis mil un euros (6.001,00 €).

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados".



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da xefa do Servizo de Urbanismo transcrita anteriormente, referente ao expediente de infracción urbanística nº 60/2009-S.

5.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 34/2015-S

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 04.11.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 34/2015-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 34/2015-S

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Vilanova-O Hío, consistentes en: realizar un muro de contención de 1,80 metros de alto.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 19 de maio do 2016 de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas e na Lei 2/2016.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados A.D.A., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no



Concello de Cangas

Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade de sanción aprobado por Rd 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163. c) da Lei 2/16, o artigo 10 do Rd 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento de sanción por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutora e secretaria do expediente a María Rodríguez Gómez e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusadas polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento de sanción é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 163 da Lei 2/16, 10 do Rd 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do Rd 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días



Concello de Cangas

indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Rd 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso ningún, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente de sanción por infracción urbanística nº 34/2015-S.

5.C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 9/2016-S

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 18.11.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 9/2016-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 9/2016-S

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar da Rosada-Coiro, consistentes en: que a canle de augas inicial que atravesaba a parcela arrimado á vivenda unifamiliar de licenza nº 21215 a nome de A.P.P., tal existencia queda constatada no informe do inspector de obras do ano 2007, foi anulado mediante taponamento con formigón da entrada na cota do camiño.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 18 de outubro do 2016, de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas (agás informe contrario de Augas de Galicia).

Resultando que, con data 18 de novembro do 2016, a inspección de obras informa que 'Presentado no lugar, comprobo que foi formigonada a arqueta por onde transcorría o conduto obxecto do expediente en cuestión'.



Concello de Cangas

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados A.P.P., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Rd 1398/93, de 4 de agosto e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163. c) da Lei 2/16, o artigo 10 do Rd 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento de sanción por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a María Rodríguez Gómez e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento de sanción é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 163 da Lei 2/16, 10 do Rd 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.



Concello de Cangas

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do Rd 1398/93 de Recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que por efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Rd 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra a esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente de sanción por infracción urbanística nº 9/2016-S.

FACENDA

6º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

6.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS



Concello de Cangas

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal e Oficina Técnica Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBJECTO
CORREVEYDILE SC	FIANZA	733,23 €	FESTIVAL DA CERVEXA ARTESÁ
CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS SA (COVSA)	AVAL	2.175,00 €	PAVIMENTACIÓN PARROQUIA DE NERGA-O HÍO-CANGAS (PEIM)

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓN XUDICIAIS

7.A) DACIÓN DE CONTA DE AUTO DITADO POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 4476/1991

Dáse conta dos datos referentes ao Auto ditado pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaído no procedemento ordinario nº 4476/1991, promovido por J.N.V., que son como seguen:

"PO nº 4476/1991 - AUTO DITADO POLO T. S. X. GALICIA CON/AD SEC. 2

- A persoa recorrente: J.N.V.

- Contido: desestímense os recursos de reposición respectivamente interpostos pola representación do Concello de Cangas e da Comunidade de propietarios do edificio Noria, nº 2, contra o Auto do 28 de xullo de 2016; e procede requirir a dito Concello co fin de que proceda a actuar na forma disposta no fundamento xurídico da presente resolución: "... *procede impoñer ao Concello a obrigación de que no prazo de tres meses proceda a identificar aos adquirentes das vivendas e a requiririlles a aportación dos títulos correspondentes e a comunicar ao órgano xudicial os datos obtidos, en orde a conseguir o cumprimento do disposto no precepto de cuxa aplicación se trata*".

- Non se condena en custas.

- Cabe interpoñer recurso de casación contra o presente Auto, polo que se deberá adoptar acordo ao respecto".



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do Auto ditado pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaído no procedemento ordinario nº 4476/1991, promovido por J.N.V.

SEGUNDO.- Que polo departamento de Urbanismo se realicen os trámites pertinentes para interpoñer recurso de casación contra o auto referido.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

8º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Este punto foi retirado da orde do día.

CONTRATACIÓN

9º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE CORRESPONDENTE Á OBRA "ADECUACIÓN Á NORMATIVA DO PARQUE INFANTIL DE RODEIRA-AVENIDA DE OURENSE"

Visto o informe emitido en data 18.11.2016 pola arquitecta técnica municipal Carmen Gómez Cancela, cuxo tenor literal é o que a continuación se transcribe:

"INFORME DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE

Obra: 'ADECUACIÓN Á NORMATIVA PARQUE INFANTIL RODEIRA-AVENIDA DE OURENSE'

Adxudicatario: HPC IBÉRICA SA

Asunto: informe Plan de Seguridade e Saúde

Carmen Gómez Cancela, como coordinadora de seguridade e saúde durante a execución das obras do epígrafe, INFORMA:

1) A empresa: 'HPC IBÉRICA SA', adxudataria das obras do epígrafe, presenta o plan de seguridade e saúde, en cumprimento do establecido no artigo 7 do Rd 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. (BOE 25-10-1997).



Concello de Cangas

2) *O mencionado plan axústase ao estipulado na lexislación vixente e polo tanto o técnico que subscribe, o informa FAVORABLEMENTE e propón a súa aprobación”.*

En virtude do que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra “Adecuación á normativa Parque Infantil Rodeira–Avda. de Ourense”.

Segundo.- Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “HPC IBÉRICA SA”, a cal a súa vez, xunto co plan de seguridade e saúde, dará conta á autoridade laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea a esta, segundo o prevén a Lei 13/1995, de 8 de novembro, para os efectos do cumprimento do seu artigo 31.3 apartados a), b), c), d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervintes ou concorrentes na obra (se as houbera) e aos representantes dos traballadores, para os efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 Rd 1627/1997).

10º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE CORRESPONDENTE Á OBRA “ADECUACIÓN Á NORMATIVA DO PARQUE INFANTIL DO OUTEIRO-BALEA”

Visto o informe emitido en data 15.11.2016 pola arquitecta técnica municipal Carmen Gómez Cancela, cuxo tenor literal é o que a continuación se transcribe:

“INFORME DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE

Obra: ‘ADECUACIÓN Á NORMATIVA PARQUE INFANTIL OUTEIRO-BALEA’

Adxudicatario: ZONA DE OBRA O ROSAL SLU

Asunto: Informe Plan de Seguridade e Saúde

Carmen Gómez Cancela, como coordinadora de seguridade e saúde durante a execución das obras do epígrafe, INFORMA:

1) A empresa: ‘ZONA DE OBRA O ROSAL SLU’, adxudicataria das obras do epígrafe, presenta o plan de seguridade e saúde, en cumprimento do establecido no artigo 7 do Rd 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE 25-10-1997).



Concello de Cangas

2) *O mencionado plan axustase ao estipulado na lexislación vixente e polo tanto o técnico que subscribe, o informa FAVORABLEMENTE e propón a súa aprobación”.*

En virtude do que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra “Adecuación á normativa Parque Infantil Outeiro-Balea ”.

Segundo.- Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “ZONA DE OBRA O ROSAL SLU”, a cal a súa vez, xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á autoridade laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea a esta, segundo o preveñen a Lei 13/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3 apartados a), b), c), d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervincentes ou concorrente na obra (se as houbera) e aos representantes dos traballadores, para os efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 Rd 1627/1997).

11º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA OBRA “PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS NO BARRIO DO OUTEIRO-CASCO VELLO”

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 17.11.2016, referente a adxudicación da obra “PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS NO BARRIO DO OUTEIRO-CASCO VELLO”, que di o seguinte:

“ADXUDICACIÓN DA OBRA ‘PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS NO BARRIO DO OUTEIRO CASCO VELLO’

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de obra ‘Pavimentacións e mellora de servizos no Barrio do Outeiro–Casco Vello’.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil ‘NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU’ por resultar esta a oferta economicamente máis vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu (entrada nº 15469 do día 15.11.2016) relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade



Concello de Cangas

Social e que así mesmo, constituíu garantía definitiva por importe de cinco mil catrocentos trinta e cinco euros con cincuenta e sete céntimos (5.435,57 €), en forma aval bancario.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- *Adxudicar á empresa 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU' o contrato de obra 'Pavimentación e mellora de servizos no Barrio de Outeiro–Casco Vello', por importe de cento trinta e un mil cincocentos corenta euros con setenta e sete céntimos (131.540,77 €) (21% de IVE incluído) coas seguintes especificacións da súa oferta:*

- *Melloras ofertadas:*
 - *35 ud. farola luminaria + brazo.*
 - *118 m² de solado P. Granito 5 cm. c/xunta.*
 - *30 ud. Banco bolardo de pedra granallada.*
 - *110 ml pasamáns tubo D=40 mm.*
 - *11 Xardineiras de pedra artificial 80x80x50 cm.*
- *Prazo de execución: 30 días.*
- *Ampliación do prazo de garantía: 48 meses a maiores dos 12 que recolle o proxecto, polo que esta obra terá un prazo total de garantía de 60 meses.*

Segundo.- *Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 1532.639 do vixente orzamento municipal.*

Terceiro.- *Notificar a 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.*

Cuarto.- *Nomear á arquitecta municipal María Isabel Medraño Fariña directora facultativa da obra e coordinadora de seguridade e saúde.*

Quinto.- *Notificar, nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.*

Sexto.- *Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.*

Sétimo.- *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como á directora de obra".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar



Concello de Cangas

integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a adxudicación da obra "PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS NO BARRIO DO OUTEIRO-CASCO VELLO".

12º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA OBRA "PREPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, A PONTE BOUZÓS E RECOLLIDA DE PLUVIAIS EN OURELO-DARBO"

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 17.11.2016, referente a adxudicación da obra "PREPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, PONTE BOUZÓS E CONTENCIÓN E RECOLLIDA DE PLUVIAIS EN OURELO-DARBO", que di o seguinte:

"ADXUDICACIÓN DA OBRA 'PREPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, PONTE BOUZÓS E CONTENCIÓN E RECOLLIDA DE PLUVIAIS EN OURELO-DARBO'

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de obra 'Preparación e acondicionamento de camiños de titularidade municipal, Ponte Bouzós e contención e recollida de pluviais en Ourelo-Darbo'.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU' por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu (entrada nº 15470 do día 15.11.2016) relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que así mesmo, constituíu garantía definitiva por importe de catro mil oitenta e seis euros con corenta e nove céntimos (4.086,49 €) en forma aval bancario.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU' o contrato da obra 'PREPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, PONTE BOUZÓS E CONTENCIÓN E RECOLLIDA DE PLUVIAIS EN OURELO-DARBO', por importe de noventa e oito mil oitocentos noventa e tres euros con nove céntimos (98.893,09 €) (21% de IVE incluído) e cun prazo de execución de 6 meses.

Segundo.- Dispoñer o gasto con cargo ás aplicacións 1532.639, 450.609 e 450.639 do vixente orzamento municipal.



Concello de Cangas

Terceiro.- Notificar a 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Cuarto.- Nomear á arquitecta técnica municipal Carmen Gomez Cancela, directora facultativa da obra e coordinadora de seguridade e saúde.

Quinto.- Notificar, nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP, a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.

Sétimo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como á directora de obra".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a adxudicación da obra "PREPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, PONTE BOUZÓS E CONTENCIÓN E RECOLLIDA DE PLUVIAIS EN OURELO-DARBO".

13º.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/ADENDA DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE CANGAS PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA E.P. 1005 VISO, P.K. 1+000 (CANGAS)"

Dáse conta de escrito de data 09.11.2016 da Deputación Provincial de Pontevedra, referente a addenda de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Cangas para a realización do proxecto "PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA E.P. 1005 VISO, P.K. 1+000 (CANGAS)", que di o seguinte:

"A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria realizada o día 11.04.15 acordou aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cangas para levar a realización do proxecto 'Pavimentación e dotación de servizos na E.P. 1005 Viso-Hío, p.k. 0+000 a p.k. 1+000 (Cangas)'.

O custo total do convenio ascende a un millón cincuenta mil novecentos cincuenta e oito euros con vinte e sete (1.050.958,27 €), correspondendo achegar douscentos mil euros (200.000,00 €) ao Concello de Cangas e oitocentos cincuenta mil novecentos cincuenta e oito euros con vinte e sete céntimos (850.958,27 €) á Deputación de Pontevedra.



Concello de Cangas

Na actualidade non se iniciou a execución do obxecto recollido neste convenio, polo que é previsible que as obras non se atopen rematadas no tempo de finalización da vixencia deste acordo.

De conformidade coa súa cláusula oitava, a vixencia do devandito acordo esténdese desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016, podendo prorrogarse, coa conformidade expresa das partes que interveñen, no caso de que non se rematasen as actuacións obxecto deste.

Polo exposto, solicito do Concello de Cangas, que manifeste a súa conformidade expresa co mantemento de colaboración obxecto deste acordo ata a liquidación do correspondente contrato de obras, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2017, co obxecto de ter o tempo suficiente para rematar as accións previstas”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

Primeiro.- Quedar informada do escrito transcrito anteriormente da Deputación Provincial de Pontevedra, referente a addenda de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Cangas para a realización do proxecto “PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA E.P. 1005 VISO, P.K. 1+000 (CANGAS)”.

Segundo.- Manifestar a conformidade expresa do Concello de Cangas co mantemento de colaboración obxecto deste acordo ata a liquidación do correspondente contrato de obras, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2017.

MOCIDADE E VOLUNTARIADO

14º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MOCIDADE E VOLUNTARIADO S/AUTORIZACIÓN DA COTA DE OBRADOIROS INFANTÍS DA LUDOTECA MUNICIPAL 2016/2017

Dáse conta de proposta do día 14.11.2016 do concelleiro de Mocidade e Voluntariado, referente a autorización a cota de obradoiros infantís da Ludoteca Municipal, correspondente ao curso escolar 2016/2017, que di o seguinte:



Concello de Cangas

"PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Andrés García Bastón, concelleiro de Mocidade e Voluntariado do Concello de Cangas, propón á Xunta de Goberno Local que se autorice a cota de obradoiros infantís da Ludoteca Municipal do ano escolar 2016/2017:

- Cota neno/a: 25 € curso completo (2 horas semanais).
- Cota neno/a: 40 € curso completo (4 horas semanais).
- Cota neno/a: 50 € curso completo (6 horas semanais).

PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS LUDOTECA 2016/17

INGRESOS

TURNO 2H/SEMANA 20 X 25 €	1.000 €
TURNO 4H/SEMANA 11 X 40 €	
TURNO 6H/SEMANA 6 X 10 €	

GASTOS

MATERIAL 500 €	1.000 €
ACTIVIDADE EXTRA NADAL 300 €	
MONITORES APOIO ACTIVIDADES 200 €".	

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita do concelleiro de Mocidade e Voluntariado, referente a autorización a cota de obradoiros infantís da Ludoteca Municipal, correspondente ao curso escolar 2016/2017.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

15º.- PROPOSTAS DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/SOLICITUDES DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

15.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 70

Dáse conta de proposta do día 21.11.2016, referente a transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 70, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 70



Concello de Cangas

ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada do 21.10.2016 N.E.J., con enderezo en rúa Antonio Palacios, nº 41-52-Porriño, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de P.I.E.J., domiciliado en rúa Antonio Palacios, nº 41-52-Porriño, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior achégase da documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia establece no seu artigo 76, que as licencias serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos nesta polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente P.I.E.J.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 70 do mercado dos venres, do que era titular N.E.J. a favor de P.I.E.J., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, Estatística, e Tesourería”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar



Concello de Cangas

integramente a proposta transcrita, referente a transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 70.

15.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 147

Dáse conta de proposta do día 21.11.2016, referente a transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 147, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 147

ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada do 21.10.2016, N.M.R., con enderezo en rúa Frieiro, nº 3-Sta. María de Xeve-Pontevedra, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de F.J.V.A., domiciliado en rúa Nueva de Arriba, nº 5-49B-Pontevedra, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior achégase da documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia establece no seu artigo 76, que as licencias serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos nesta polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente F.J.V.A.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.



Concello de Cangas

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 147 do mercado dos venres da que era titular N.M.R. a favor de D. F.J.V.A., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, Estatística e Tesourería”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita, referente a transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 147.

15.C) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 54 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

Dáse conta de proposta do día 16.11.2016, referente a autorización da transmisión do posto de venda de peixe nº 54 do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

"V-16/12

PROPOSTA DA A CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 54 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

ANTECEDENTES

I.- Por escrito de data de rexistro de entrada do día 10.11.2016 M.C.S.L., con enderezo a efectos de notificacións en Daríns no Espírito Santo nº 22-Coiro, manifestou a súa intención de transmitir o posto de peixe do que é titular (posto nº 54) á súa filia A.F.S., con enderezo a efectos de notificacións no mesmo domicilio.

II.- Achegan á solicitude escrito asinado por ambas no que manifestan a súa intención de transmitir e adquirir respectivamente a concesión sobre o posto de venda de peixe citado por concorrer a circunstancia prevista no artigo 31.3.a do Regulamento do Mercado de Abastos de Cangas (parentesco dentro do 3º grao) e solicitan a autorización municipal requirida polo artigo 31 para a transmisión.



Concello de Cangas

III.- Achegan tamén a documentación xustificativa do parentesco (copia do libro de familia) e xustificante do ingreso da taxa por transmisión do posto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente regula a transmisión dos postos nos artigos 30 e seguintes. En concreto o artigo 30 establece: 'A transmisión dos postos deberá realizarse da maneira que dispón o artigo seguinte, quedando prohibida calquera outro tipo de transmisión'. O artigo 31 entre os supostos admitidos de transmisión establece no seu apartado 3.a) o suposto de transmisión Inter vivos a favor de parentes ata o 3º grao.

A continuación o citado artigo dispón que: 'No suposto terceiro de transmisión íter vivos, deberá comunicarse ao Concello a intención de transmisión da concesión sobre o posto, mediante escrito dirixido ó concello onde o transmitinte e o que pretenda adquirir manifesten que teñen a intención de transmitilo e que acrediten se se dan algunha das circunstancias que xustifican a transmisión íter vivos. Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmita a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión íter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal a todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto, no suposto terceiro de transmisión íter vivos'.

Respecto da autorización municipal, o artigo 33 dispón que: '(...) Calquera transmisión ou gravame require da autorización previa nos termos previstos no artigo 31 e 32. Se se leva a cabo sen autorización previa determina a extinción sen dereito a indemnización'.

II.- Do que antecede e segundo a documentación que se achega resulta que estamos ante un suposto de transmisión dos postos na praza permitido no regulamento, en concreto no suposto de transmisión íter vivos por parentesco dentro do 3º grao, condición esta que se acredita cos documentos achegados xunto coa solicitude de autorización.

III.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para autorizar a transmisión de postos no mercado, segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do Regulamento, polo que de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas cabe outorgar a autorización solicitada.

IV.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento, de perfeccionarse a transmisión, o novo titular sucederá en todos dereitos e obrigas ao anterior



Concello de Cangas

titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar a transmisión da condición de concesionario do posto nº 54 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, do que é titular M.C.S.L. a favor da súa filla A.F.S., debendo comunicar ao Concello no prazo de dous meses desde a notificación do acordo de autorización que a transmisión se realizou.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ás interesadas, así como á Tesourería advertindo que pon fin á vía administrativa, polo que contra este pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo perante o alcalde deste Concello, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, perante os xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar mais conveniente ao seu dereito”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita, referente a autorización da transmisión do posto de venda de peixe nº 54 do Mercado Municipal de Abastos.

CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

16º.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/CONCESIÓN DE AXUDA AO CONCELLO DE CANGAS PARA SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURAL

Dáse conta de escrito de data 31.10.2016 (R.E. nº 15.259 do 10.11.2016) da Deputación Provincial de Pontevedra, polo que se comunica ao Concello de Cangas que na Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión do 28.10.2016, se aprobou a concesión de subvención para a sinalización do patrimonio histórico e cultural e a memoria histórica –ano 2016- polo importe de seis mil cento setenta e un euros (6.171,00 €).



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

Primeiro.- Tomar coñecemento da concesión de subvención para a sinalización do patrimonio histórico e cultural e a memoria histórica –ano 2016- polo importe de seis mil cento setenta e un euros (6.171,00 €).

Segundo.- Aceptar a concesión de subvención de referencia.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN Nº 1 E FACTURA DA OBRA "ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO"

Examinada a certificación ordinaria nº 1 do día 30.10.2016 da empresa "CIVIS GLOBAL, SLU", así como a factura nº 260 do día 31.10.2016, correspondentes á obra "Acondicionamento para unha imaxe común do mercado", que ascenden a un importe total de dezaseis mil trescentos oitenta e catro euros con noventa e un céntimos (16.384,91 €).

Dáse conta, así mesmo, de informe favorable emitido o día 21.11.2016 pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

Primeiro.- Aprobar a certificación ordinaria nº 1 da empresa "CIVIS GLOBAL, SLU", e a factura nº 260, correspondentes á obra "Acondicionamento para unha imaxe común do mercado".

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor da empresa "CIVIS GLOBAL, SLU, polo importe total de dezaseis mil trescentos oitenta e catro euros con noventa e un céntimos (16.384,91 €), correspondente á certificación ordinaria nº 1 e á factura nº 260", pola obra "Acondicionamento para unha imaxe común do mercado".



Concello de Cangas

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal, Tesourería, Subvencións, así como á empresa adxudicataria.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente